

# **PROGRAMACIÓN DE LATÍN**

**IES DE VIÓS (ABEGONDO)**

**CURSO 2021/22**

4º ESO

Xefe de Departamento de Lingua e Literatura Galega: Marta Arce Babío

Profesora: Marta Arce

### **Índice.**

1. Introducción.
2. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.
3. Obxectivos da área de latín en 4º ESO.
4. Contribución da materia ao logro das competencias clave.
5. Concreción dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliable, indicadores de logro e competencias.
6. Grao mínimo de consecución de contidos e estándares de aprendizaxe.
7. Temporalización.
8. Instrumentos e procedementos para a avaliación.
9. Criterios de cualificación.
10. Mecanismos para a recuperación da materia
11. Concreción metodolóxica.
12. Materiais curriculares e recursos didácticos.
13. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar.
14. Temas transversais.
15. Medidas de atención á diversidade.
16. Actividades complementarias e extraescolares.
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.

## 1. Introducción.

O IES de Viós CPI é un centro de ensino público situado no concello de Abegondo, preto da cidade da Coruña e da vila de Betanzos. A poboación vive moi dispersa en pequenos núcleos. A maioría dos nenos utilizan o transporte escolar para vir ó centro. O alumnado é bastante homoxéneo polo que se refire ás características socioculturais.

Hai unha porcentaxe moi pequena de inmigración no centro. A maioría dos nenos son galegos, de procedencia rural, e o galego é tamén a súa lingua materna. A ocupación laboral dos pais enmárcase no sector primario e secundario, principalmente.

O estudo do latín en 4º ESO é optativo. Agardamos que o alumnado xa teña unha motivación e unha predisposición especial. Faremos unha introdución tanto ao mundo clásico coma á lingua latina, será unha aproximación á extensa cultura do mundo clásico e a unha lingua tan complexa como é a latina, que permite a formación xeral e ampla do individuo e supón outra maneira de ver o mundo. Ademais cómpre ter presente que estes coñecementos tamén contribúen a un mellor e maior estudo das linguas modernas que son máis próximas ao alumnado.

A área de latín ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia lingüística e, cultural e artística xa que faremos un estudo da gramática, da historia, da mitoloxía e do mundo romano en Hispania. Estes serán os bloques nos que dividiremos as unidades didácticas para o mellor estudo da materia o longo do curso.

Esta programación é unha planificación detallada da actividade docente, mais non por iso deixaremos de ser flexibles e abertos e de nos axustar aos puntos que se desenvolverán ao longo do proceso de ensino. Por iso, partiremos dun estudo inicial do grupo para adaptar este proxecto curricular ás necesidades do alumnado. Atenderemos á diversidade. A formación terá un carácter continuo, xa que é moi importante o carácter progresivo da aprendizaxe.

A materia impártese neste centro en 4º ESO, con carácter optativo. A carga horaria é de dúas sesións semanais de 50 minutos e unha de 45 minutos debido as medidas que tivo que adoptar o centro a raíz da pandemia.

Ao tratarse do único curso desta materia que se imparte neste centro, non é preciso recuperar contidos.

Faremos uso das novas técnicas de traballo que veñen sumarse ás estratexias tradicionais, posto que, coma noutras materias, nesta a utilización das TICS é moi importante.

A programación actual acóllese á lexislación vixente. A Programación didáctica que recolle este documento está elaborada sobre o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro de 2014, polo que se recolle o currículo básico na ESO.

## **2. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria.**

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e espetar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para

identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e expresarse en unha ou varias linguas estranxeiras.
- Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- 

### **3. Obxectivos da área de latín en 4º ESO.**

- Introducir ó alumnado nos aspectos esenciais da lingua e a cultura latina, facendo fincapé no papel desenrolado por esta no mundo occidental.

- Coñecer o concepto de lingua romance, o concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e dos elementos formais que sirven para definir as relacións dentro da oración.
- Coñecer a civilización latina para identificar os puntos principais da súa historia e os aspectos propios da organización político e social.
- Coñecer a mitoloxía e as manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana.
- Coñecer e comprender os textos para adentrarse na comprensión da civilización latina.
- Estudar a lingua no seu contexto real.
- Coñecer a etimoloxía para poñer de manifesto as raíces do latín nas linguas actuais, adquirindo así unha mellor comprensión das nosas linguas.
- Descubrir termos latinos coñecidos e usados na actualidade.
- Identificar as linguas romances, coñecer os restos romanos en Hispania, ler e comprender frases moi básicas en latín.
- Aprender o alfabeto latino e a súa pronuncia, diferenciar os procedementos de formación de palabras, coñecer a mitoloxía, os topónimos e os territorios, comprender o concepto de lingua flexiva, comprender a etimoloxía.
- Investigar sobre a civilización e cultura latinas e buscar información. Interpretar mapas.
- Distinguir os diferentes casos e responder a preguntas que requiren do uso dos mesmos.
- Coñecer as oracións predicativas, as desinencias verbais, os casos.
- Coñecer a historia de Roma, a mitoloxía, as musas, o mito de Troia.
- Coñecer e distinguir as oracións transitivas e intransitivas, o xénero dos substantivos e adxectivos, os casos.
- Coñecer os reis de Roma, o Senado, as vivendas romanas, o interregnum.
- Buscar información sobre restos romanos, a figura de Medusa,...
- Estudar o infinitivo latino e aprender a enunciar os sustantivos. Recoñecer formas verbais.

- Estudar a República romana, o sistema de goberno, a función dos maxistrados, o mito de Faetón, os restos romanos de Itálica.
- Practicar as declinacións.
- Estudar as declinacións e as conxugacións latinas, a época de Xulio César, a figura de Orfeo, practicar cos números romanos, coñecer a vida cotiá en Roma, coñecer os restos do mundo romano na Península.
- Interpretar unha inscrición.
- Coñecer o nacemento e a caída do Imperio romano.
- Estudar a época de Octavio Augusto, os imperios de Roma e Constantinopla, os mitos de Dédalo e Ícaro. As Médulas.
- Diferenciar os xéneros e as declinacións.
- Diferenciar os tipos de adxectivos, coñecer os medios de transporte na antiga Roma, analizar unha moeda, investigar sobre a figura de Teseo
- Buscar información sobre restos romanos, a Vía da Prata.
- Interpretar mitos (o rapto de Proserpina)
- Identificar casos, diferenciar declinacións, traballar cos verbos, coñecer aspectos da civilización grega en Roma, o mito de Afrodita.
- Traballar coas palabras das diferentes declinacións.
- Practicar as formas verbais.
- Coñecer o legado romano no dereito e na política. Recoñecer os aspectos xurídicos que perduran na actualidade. Indagar sobre Prometeo. Traducir un epigrama.
- Traballar cos numerais latinos.
- Coñecer o legado romano nas artes e na literatura, coñecer as termas, investigar sobre Edipo.

#### **4. Contribución da materia ao logro das competencias clave.**

A nova lei de educación (LOMCE) presenta unha novidade de especial relevancia: a definición das competencias clave que se deben alcanzar ao finalizar a Educación Secundaria Obrigatoria. Esas competencias clave permiten identificar as aprendizaxes que se consideran imprescindibles dende unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. O seu

logro deberá capacitar os alumnos/as para a súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a incorporación á vida adulta e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Na área de Latín.

Na área de Latín incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

*Competencia matemática e competencia clave en ciencia e tecnoloxía*

Aplicar a lóxica para deducir e resolver. Aplicar as regras aprendidas con rigor.

Saber utilizar as TICS.

Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.

Xerar criterios persoais en torno á visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.

Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

*Comunicación lingüística*

A aprendizaxe da materia contribúe obviamente á adquisición desta competencia. (conxugar, declinar, analizar, estudar sintaxe, etimoloxía, morfoloxía, léxico, textos, traducir, estruturar o pensamento a través da lingua...).

Comprender o sentido dos textos escritos en latín e nas linguas maternas.

Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para darlle un mellor uso.

*Competencia dixital*



Esta materia contribúe a esta competencia posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Traballaremos os seguintes descritores da competencia:

Empregar varias fontes para a busca de información.

Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Sensibilidade e expresións culturais

Por medio do Latín o alumnado aprende a apreciar manifestacións culturais e artísticas en xeral (literatura, pintura, escultura, arquitectura, dereito, institucións políticas, historia, filosofía do mundo clásico...); a valorar feitos culturais, como a mitoloxía ou a relixión, que forman parte da tradición da nosa civilización; a recoñecer o concepto da estética e a beleza; a ampliar a súa visión do mundo con visitas a museos e exposicións, co coñecemento doutras linguas e outras culturas, co teatro, a ópera, a música, etc. Todo iso contribúe, sen dúbida, á adquisición desta competencia.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

Apreciar a beleza das expresións artísticas e do cotián.

Desenvolver a creatividade.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

#### *Competencias sociais e cívicas*

Respectar as regras, ser tolerantes, participar en intercambios orais, ceder a quenda de palabra.

Traballar de xeito disciplinado e activo

Aceptar as críticas.

Respectar o material

Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.

Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Respectar os distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Esta materia contribúe a *fomentar a autonomía e iniciativa persoal* na medida que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Os descritores que adestraremos son:

Colaborar nun proxecto común.

Saber traballar en solitario

Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

Ser constante no traballo, superando as dificultades.

Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.

Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

### *Aprender a aprender*

O estudo desta materia contribúe a que o alumno sexa consciente de que ao longo da historia da humanidade o home sempre estivo a aprender e baseou a aprendizaxe nos coñecementos anteriores. Esta competencia supón ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e saber prever e adaptarse aos cambios que se producen cunha actitude positiva.

Os descritores que adestraremos son:

Valorar a importancia da participación e a interacción.

Utilizar a capacidade de observación, comprensión, reflexión.

Exercitar a memoria.

Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.

Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.

Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

## **5. Concreción dos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliados, indicadores de logro e competencias.**

### **UNIDADE 1: Orixe da lingua latina. As linguas románicas.**

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo I: Orixe da lingua latina.*

*Capítulo II: As linguas románicas*

DO LATÍN AO CASTELÁN

De onde veñen a maioría das palabras do castelán?

O LEGADO GRECORROMANO...NA LINGUA

Os latinismos do rexistro estándar do castelán.

UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

A lenda de Eneas.

As linguas indoeuropeas.

A orixe do latín e o proceso de romanización.

A evolución do latín.

As linguas románicas na Península Ibérica.

A conquista e a romanización da Península Ibérica.

Interpretación de textos clásicos sobre a evolución do latín.

Os elementos léxicos latinos nas linguas romances.

Vocabulario básico latino.

Coñecer as linguas da Península e localizalas nun mapa.

Explicar o significado de latinismos frecuentes nas linguas do Estado.

Coñecer os feitos históricos dos periodos da historia de Roma.

Identifica nun mapa o marco xeográfico da civilización romana, ubicando cidades e restos da civilización.

Identifica as linguas do Estado e diferencia a orixe das mesmas.

Identifica nun mapa o marco xeográfico da civilización romana, ubicando cidades e restos da civilización.

Deduce o significado de palabras a partir de étimos.

Pode enmarcar diferentes fitos históricos

Utiliza mecanismos para comprender un texto sinxelo.

Identifica a etimoloxía das palabras e explica o significado.

CL, AA, SC, CEC, IE

Recoñece as linguas faladas en Europa e identifica as procedentes do indoeuropeo.

Compara palabras en distintas linguas e deduce as procedentes do indoeuropeo.

Comprende a evolución do latín vulgar. Identifica textos escritos nesta lingua.

Explica diferencias entre as distintas linguas romances.

Traduce palabras latinas.

Comprende o concepto de romanización.

Sitúa a rexión de Italia na que naceu o latín.

Le e interpreta un texto moi sinxelo sobre a evolución do latín.

Escribe sobre o interese da lingua latina en Europa.

Valora importancia do uso do latín en diferentes periodos.

Recoñece elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas modernas.

## **UNIDADE 2: *Introdución á fonética e á prosodia. Flexión nominal e flexión verbal.***

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo III: *Introdución á fonética e á prosodia.**

*Capítulo IV: *Flexión nominal e flexión verbal**

DO LATÍN AO CASTELÁN

Que pasou coas vogais tónicas do latín?

O LEGADO GRECORROMANO... NA LINGUA

Os latinismos do rexistro culto do castelán

UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

## Rómulo e Remo

Nocións básicas de evolución fonética.

Palabras patrimoniais e cultismos.

Os territorios da Italia peninsular.

A etimoloxía.

O alfabeto latino e a pronuncia.

Procedementos da creación de palabras.

O concepto de flexión.

As vogais tónicas do latín.

A fundación de Roma, Rómulo e Remo.

Coñecer, identificar e distinguir os distintos formantes de palabras.

Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.

Coñecer as normas de pronuncia en latín.

Identificar formantes de palabras.

Clasificar distintos tipos de palabras.

Conxugar correctamente as formas verbais estudadas.

Identificar e relacionar elementos morfolóxicos da lingua latina.

Coñecer os nomes dos casos, as funcións das palabras.

Coñecer os feitos históricos dos periodos da historia de Roma, os principais deuses da mitoloxía.

Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na tradución.

Recoñecer os elementos lexicais latinos que permanecen nas linguas dos alumnos.

Aplicar coñecementos de morfoloxía e sintaxe para traducir.

Coñecer e identificar o léxico latino.

Facer lecturas comprensivas para analizar e comentar un texto.

Coñecer a fundación de Roma, Rómulo e Remo.

Identifica os formantes das palabras propostas e busca exemplos doutros termos.

Explica a orixe do alfabeto en diferentes linguas.

Le en voz alta textos latinos coa pronuncia correcta.

Descompón palabras e identifica desinencias.

Distingue palabras variables e invariables.

Enumera correctamente os nomes dos casos e explica as funcións na oración.

Distingue as diferentes etapas da historia de Roma.

Enmarca determinados feitos históricos nun periodo.

Describe fitos históricos da civilización latina.

Identifica deuses e heroes da mitoloxía.

Utiliza mecanismos para a comprensión de textos de forma global.

Realiza comentarios sobre aspectos culturais en textos seleccionados.

Recoñece e ilustra con exemplos as figuras da mitoloxía na nosa cultura.

Deduce o significado de termos latinos.

Identifica e explica palabras e os principais prefixos e sufixos.

Identifica a etimoloxía de palabras do léxico común da lingua propia.

CL, AA, SC, IE

Le e interpreta textos.

Reflexiona e interpreta textos sobre aspectos culturais da historia.

Recoñece divindades e heroes.

Explica o significado de termos na lingua materna.

Localiza antónimos de termos latinos deducindo o significado.

Explica o significado dos prefixos.

Identifica topónimos e explica a orixe, localiza nun mapa os territorios de Italia.

Forma palabras derivadas a partir de verbos e sufixos.

Identifica palabras compostas.

Explica a orixe do alfabeto da propia lingua.

Le en voz alta coa pronuncia correcta.

Investiga sobre o pasado romano en Galicia.

Identifica deuses da mitoloxía.

### **UNIDADE 3: Características da flexión nominal. Características da flexión verbal.**

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo V: Características da flexión nominal.*

*Capítulo VI: Características da flexión verbal.*

DO LATÍN AO CASTELÁN

Que pasou coas vogais átonas do latín?

O LEGADO GRECORROMANO...NA LINGUA

Os neoloxismos de orixe latino (I)

UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

Escipión, tamén coñecido como o africano

Identificación dos distintos formatos das palabras.

Identificación dos tipos de flexión do nome.

O substantivo latino: enunciado, xénero e número.

Enunciación dos casos.

O verbo latino: categorías gramaticais do verbo. As conxugacións verbais. O enunciado verbal. Análise dunha forma verbal. As desinencias persoais.

As vogais átonas do latín.

Os neoloxismos de orixe latino.

Escipión.



Iniciarse na tradución e interpretación de frases.

Interpretación de textos clásicos.

Recoñecemento de étimos gregos e latinos en palabras da lingua materna.

Termos derivados de palabras latinas.

Nocións básicas de evolución fonética.

Palabras patrimoniais e cultismos.

Coñecer as funcións das palabras na oración.

Coñecer os nomes dos casos en latín. Saber traducir os casos.

Identificar elementos sintácticos para traducir textos.

Identificar os formantes das palabras.

Conxugar as formas verbais.

Recoñecer elementos léxicos latinos.

Recoñecer o léxico que permanece nas linguas dos alumnos.

Coñecer os deuses, mitos, heroes da mitoloxía.

Realizar unha lectura comprensiva do contido e estrutura dos textos clásicos.

Coñecer os fitos históricos da historia de Roma.

Identifica en palabras propostas os lexemas e afixos.

Descompón palabras en distintos formantes e explica o concepto de flexión.

Identifica o tema do presente e de perfecto; a formación da voz pasiva no tema de presente; a formación da voz pasiva no tema de perfecto e as formas nominais do verbo.

Traduce as formas verbais.

Traduce frases sinxelas do latín.

Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos identificando categorías gramaticais.

Identifica as principais formas derivadas dos temas verbais latinos.

Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados.

Enumera os casos que existen e explica as funcións.

Identifica elementos sintácticos para traducir.

Describe algún dos principais fitos históricos da civilización latina.

Identifica os principais deuses, mitos, heroes da mitoloxía.

Recoñece e ilustra a pervivencia do mítico.

Utiliza mecanismos de interferencia para comprender textos de forma global.

Realiza comentarios sobre aspectos culturais dos textos.

Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común.

CL, AA, SC, CEC, IE

Forma palabras a partir de étimos gregos e latinos e indica se son compostas ou derivadas.

Recoñece e clasifica as terminacións dos casos.

Identifica as formas dos temas verbais latinos e clasifica formas verbais.

Recoñece o predicado das oracións dun texto e identifica un predicado verbal.

Cambia de número as palabras e as frases.

Recoñece as funcións dos casos.

Completa oracións en latín.

Ordena palabras de frases latinas e respeta a estrutura da oración.

Completa frases en latín con palabras no caso correspondente.

Explica lendas.

Explica fitos da historia de Roma.

Busca información sobre mitoloxía.

Responde preguntas sobre protagonistas de textos latinos.

Comenta textos (por exemplo sobre a cidade de Roma)

Recoñece étimos gregos e latinos.

Forma palabras relacionando étimos.

Averigua a procedencia de termos.

Busca termos que deriven de palabras latinas.

**UNIDADE 4: *As declinacións da flexión temática. As declinacións da flexión atemática.***

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo VII: As declinacións da flexión temática.*

*Capítulo VIII: As declinacións da flexión aтемática.*

DO LATÍN AO CASTELÁN

Que pasou coas consoantes simples do latín?

O LEGADO GRECORROMANO...NA LINGUA

Os neoloxismos de orixe latino (II)

UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

Espartaco

Os substantivos das diferentes declinacións latinas: primeira, segunda, terceira, cuarta e quinta.

Modelos das diferentes declinacións latinas.

Adxectivos da primeira e da segunda declinacións.

Adxectivos de tres terminacións.

Adxectivos da terceira declinación.

Modelos dos adxectivos de dúas ou unha terminacións.

As consoantes simples do latín.

Os neoloxismos de orixe latino.

Espartaco.

Tradución de palabras a partir dun repertorio léxico.

Identificación dos formantes en palabras propostas.

Vocabulario latino.

Recoñecemento dos casos.

Análise dos elementos morfolóxicos.

Tradución de frases.

Análise morfolóxica e sintáctica, lectura e interpretación de textos clásicos.

Identificar e traducir o léxico latino.

Recoñecer elementos léxicos latinos nas linguas modernas.

Realizar unha lectura comprensiva e un comentario de texto.

Aplicar coñecementos de morfoloxía e sintaxe para traducir textos.

Coñecer os principais deuses, mitos, heroes, da mitoloxía.

Coñecer os fitos históricos da historia de Roma.

Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple e os elementos sintácticos da lingua latina para traducir.

Saber traducir os casos á lingua materna.

Identificar e distinguir os distintos formantes de palabras.

Identifica en palabras propostas os formantes, lexemas e afixos.

Descompón palabras en distintos formantes.

Enumera os nomes dos casos que existen e explica as funcións que fan na oración.

Compara e clasifica tipos de oración.

Relaciona elementos sintácticos da lingua para analizar e traducir textos.

Distingue diferentes etapas da historia de Roma e os seus trazos, describe fitos históricos da civilización latina e as consecuencias.

Describe rasgos esenciais do sistema político.

Identifica trazos da mitoloxía latina.

Recoñece a pervivencia do mítico na nosa cultura.

Utiliza mecanismos de inferencia para a comprensión de textos.

Realiza comentarios sobre aspectos culturais en textos seleccionados.

Deduce o significado de termos, identifica etimoloxía de léxico común.

CL, AA, SC, CEC, IE

Identifica e distingue os formantes en palabras propostas.

Completa as desinencias de formas verbais.

Coñece os casos.

Cambia de número palabras e frases.

Clasifica palabras polo caso.

Recoñece as funcións dos casos.

Recoñece as oracións predicativas e diferencia as transitivas das intransitivas.

Completa oracións en latín con formas verbais.

Traduce frases do latín á lingua materna.

Escribe diálogos utilizando oracións transitivas.

Recoñece os rasgos esenciais da época monárquica na historia de Roma.

Busca información sobre sucesos e fitos da historia de Roma.

Identifica símbolos de poder en Roma.

Responde preguntas sobre textos, comenta e expón conclusións.

Deduce polo contexto o significado dos nomes latinos, define etimoloxicamente palabras da propia lingua.

Recoñece étimos gregos e latinos e explica o significado.

**UNIDADE 5: A formación de palabras en latín: a derivación. A formación de palabras en latín: a composición.**

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo IX: A formación de palabras en latín: a derivación.*

*Capítulo X: A formación de palabras en latín: a composición.*

DO LATÍN AO CASTELÁN

Que pasou cos grupos consonánticos do latín?

O LEGADO GRECORROMANO...NA LINGUA

Os neoloxismos científicos e tecnolóxicos de orixe grego

UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

Golfus de Roma

Identificación dos distintos formatos das palabras.  
Formación de palabras a partir de étimos gregos e latinos.  
Diferenciación de palabras compostas ou derivadas.  
Recoñecemento de étimos gregos e latinos.  
Dedución do significado de termos latinos.  
Definición etimolóxica de palabras latinas.  
Procedencia de termos latinos.  
Termos derivados de palabras latinas.  
Análise dos elementos morfolóxicos.  
Vocabulario latino e grego de ciencias e tecnoloxía.  
Identificación de formantes en palabras.  
Lectura e interpretación de textos clásicos.

Identificar os distintos formatos das palabras.  
Formar palabras a partir de étimos gregos e latinos.  
Diferenciar de palabras compostas ou derivadas.  
Recoñecer étimos gregos e latinos.  
Deducir o significado de termos latinos.  
Definir etimoloxicamente palabras latinas.  
Determinar a procedencia de termos latinos.  
Termos derivados de palabras latinas.  
Analizar elementos morfolóxicos.  
Coñecer vocabulario latino e grego de ciencias e tecnoloxía.  
Identificar formantes en palabras.  
Ler e interpretar textos clásicos.  
Identificar en palabras propostas os formantes, lexemas e afixos.  
Descompoñer palabras en distintos formantes.  
Coñecer fitos históricos da historia de Roma.

Identifica e distingue os formantes en palabras propostas.

Distingue palabras variables e invariables explicando os trazos.

Completa as desinencias de formas verbais.

Coñece os casos.

Cambia de número palabras e frases.

Deduce o significado de termos, identifica etimoloxía de léxico común.

CL, AA, SC, CEC, IE

Completa oracións en latín con formas verbais.

Traduce frases do latín á lingua materna.

Responde preguntas sobre textos, comenta e expón conclusións.

Deduce polo contexto o significado dos nomes latinos, define etimoloxicamente palabras da propia lingua.

Recoñece étimos gregos e latinos e explica o significado.

Identifica trazos da mitoloxía latina.

Recoñece a pervivencia do mítico na nosa cultura.

Realiza comentarios sobre aspectos culturais en textos seleccionados.

**UNIDADE 6: As funcións dos casos. Elementos básicos de sintaxe oracional.**

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo XI: As funcións dos casos.*

*Capítulo XII: Elementos básicos de sintaxe oracional.*

DO LATÍN AO CASTELÁN

Que pasou cos nomes e adxectivos en latín?

O LEGADO GRECORROMANO...NA LINGUA

Os neoloxismos humanísticos de orixe grego.

## UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

Xulio César

A declinación.

Os casos.

Recoñecemento dos diferentes casos.

A oración.

Tipos de oración.

Constituíntes da oración.

O suxeito.

O predicado.

Os complementos oracionais.

A concordancia.

Recoñecemento e tradución de termos de orixe latina e grega.

Os neoloxismos humanísticos de orixe grega.

A figura de Xulio César.

Coñecer as declinacións

Coñecer os casos latinos e as funcións na oración.

Coñecer os diferentes tipos de oracións.

Coñecer e recoñecer os constituíntes da oración.

Identificar e relacionar elementos sintácticos.

Recoñecer e traducir termos de orixe latina e grega.

Identificar e relacionar elementos morfolóxicos para traducir textos.

Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as funcións na oración.

Identificar e relacionar elementos sintácticos que permitan traducir.

Coñecer a mitoloxía romana.

Aplicar coñecementos de morfoloxía e sintaxe para a interpretación e tradución de textos latinos.



Recoñecer elementos léxicos latinos.

Coñecer e explicar latinismos frecuentes.

Clasifica palabras pola declinación.

Clasifica palabras polo caso.

Recoñece o xénero, o número e o caso de sustantivos e adxectivos.

Recoñece as funcións dos casos.

Recoñece os constituíntes oracionais.

Recoñece os principais tipos de oración.

Identifica e relaciona elementos sintácticos que lle permiten traducir.

CL, AA, SC, CEC, IE

Recoñece neoloxismos gregos e latinos.

Sabe enmarcar determinados feitos históricos.

Describe os principais fitos históricos da civilización latina.

Identifica os principais elementos da mitoloxía grecolatina.

Recoñece e ilustra con exemplos a pervivencia do mítico.

**UNIDADE 7: A conxugación en voz activa. A conxugación en voz pasiva. As formas nominais.**

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo XIII: A conxugación en voz activa.*

*Capítulo XIV: A conxugación en voz pasiva. As formas nominais.*

DO LATÍN AO CASTELÁN

Que pasou coas formas verbais latinas?

O LEGADO GRECORROMANO...NA ARTE

Mitoloxía e arte: os deuses.

## UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

Ben-Hur

A conxugación en voz activa.

Os tempos do tema de presente.

Os tempos do tema de perfecto.

A oración pasiva.

A formación da voz pasiva no tema de presente.

A formación da voz pasiva no tema de perfecto.

As formas nominais do verbo.

Tradución de frases sinxelas.

Recoñecemento de étimos gregos e latinos.

Mitoloxía e arte: os deuses.

Tradución de frases sencillas.

Identificar a conxugación en voz activa.

Recoñecer os tempos do tema de presente.

Recoñecer os tempos do tema de perfecto.

Identificar a oración pasiva.

Saber como se forma a voz pasiva no tema de presente.

Saber como se forma a voz pasiva no tema de perfecto.

Identificar e clasificar as formas nominais do verbo.

Traducir frases sinxelas.

Recoñecer de étimos gregos e latinos.

Coñecer a mitoloxía e arte grecolatina: os deuses.

Identifica a conxugación en voz activa.

Recoñece os tempos do tema de presente.

Recoñece os tempos do tema de perfecto.

Identifica a oración pasiva.

Sabe como se forma a voz pasiva no tema de presente.

Sabe como se forma a voz pasiva no tema de perfecto.

Identifica e clasifica as formas nominais do verbo.

Traduce frases sinxelas.

CL, AA, SC, CEC, IE

Recoñece de étimos gregos e latinos.

Coñece a mitoloxía e arte grecolatina: os deuses.

### **UNIDADE 8: A flexión pronominal. As oracións simples.**

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo XV: A flexión pronominal.*

*Capítulo XVI: As oracións simples.*

DO LATÍN AO CASTELÁN

Que pasou cos pronomes do latín?

O LEGADO GRECORROMANO...NA ARTE

Mitoloxía e arte: os heroes.

UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

A caída do Imperio romano

A flexión pronominal.

Os pronomes.

Os pronomes persoais.

Os pronomes posesivos.

Os pronomes demostrativos.

Os pronomes numerais.

Os pronomes relativos.

Os pronomes interrogativos.

Os pronomes indefinidos.

Clasificación das oracións.

A oración simple.

A orde de palabras na oración.

Mitoloxía e arte: os heroes.

A caída do Imperio romano.

Identificar a flexión pronominal

Recoñecer e clasificar os diferentes tipos de pronomes latinos.

Identificar os pronomes persoais.

Identificar os pronomes posesivos.

Identificar os pronomes demostrativos.

Identificar os pronomes numerais.

Identificar os pronomes relativos.

Identificar os pronomes interrogativos.

Identificar os pronomes indefinidos.

Clasificar as oracións.

Recoñecer a oración simple.

Enunciar correctamente as palabras en latín.

Identificar e relaciona elementos da lingua para traducir.

Saber establecer a orde das palabras na oración.

Traducir frases do latín.

Saber enmarcar determinados feitos históricos da civilización latina.

Describir os principais fitos históricos da civilización latina.

Identificar os principais elementos da mitoloxía grecolatina.

Recoñecer e ilustrar con exemplos a pervivencia do mítico.

Coñecer feitos históricos da historia de Roma.

Coñecer trazos fundamentais da organización política e social de Roma.

Identifica a flexión pronominal

Recoñece e clasificar os diferentes tipos de pronomes latinos.

Identifica os pronomes persoais.  
Identifica os pronomes posesivos.  
Recoñece os pronomes demostrativos.  
Identifica os pronomes numerais.  
Recoñece os pronomes relativos.  
Identifica os pronomes interrogativos.  
Identifica os pronomes indefinidos.  
Localiza nun texto os numerais.  
Escribe e clasifica os cardinais e ordinais.  
Escribe números romanos.  
Declina correctamente os numerais.  
Clasifica as oracións.  
Recoñece a oración simple.  
Sabe establecer a orde das palabras na oración.  
Enuncia correctamente as palabras en latín.  
Identifica e relaciona elementos da lingua para traducir.  
Traaduce frases do latín.  
CL, AA, SC, CEC, IE  
Sabe enmarcar determinados feitos históricos da civilización latina.  
Describe os principais fitos históricos da civilización latina.  
Identifica os principais elementos da mitoloxía grecolatina.  
Recoñece e ilustra con exemplos a pervivencia do mítico.  
Coñece feitos históricos da historia de Roma.  
Coñece trazos fundamentais da organización política e social de Roma.

**UNIDADE 9: As palabras non flexivas: preposicións e adverbios. As oracións compostas.**

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Indicadores de logro

*Capítulo XVII: As palabras non flexivas: preposicións e adverbios.*

*Capítulo XVIII: As oracións compostas.*

## DO LATÍN AO CASTELÁN

De onde veñen as formas non flexivas do castelán?

## O LEGADO GRECORROMANO...NA ARTE

Mitoloxía e arte: a guerra de Troia

## UNHA PELÍCULA DE ROMANOS

Gladiator

As palabras non flexivas en latín.

As preposicións latinas.

Os adverbios.

As interxeccións.

Os diferentes tipos de oración.

A oración composta.

As oracións coordinadas.

As oracións subordinadas.

Mitoloxía e arte: a guerra de Troia.

Diferenciar entre palabras flexivas e non flexivas.

Identificar as principais preposicións latinas.

Recoñecer e clasificar os principais adverbios latinos.

Identificar as interxeccións.

Identificar os diferentes tipos de oración.

Recoñecer, analizar e traducir a oración coordinada.

Recoñecer, analizar e traducir a oración subordinada.

Enunciar correctamente as palabras en latín.

Identificar e relacionar elementos da lingua para traducir.

Enmarcar determinados feitos históricos.

Describir fitos históricos da civilización latina.

Identificar elementos da mitoloxía grecolatina.

Recoñecer a pervivencia do mítico na actualidade.

Enuncia correctamente as palabras en latín.

Diferencia entre palabras flexivas e non flexivas.

Identifica as principais preposicións latinas.

Recoñece e clasifica os principais adverbios latinos.

Identifica as interxeccións.

Identifica os diferentes tipos de oración.

Recoñece, analiza e traduce a oración coordinada.

Recoñece, analiza e traduce a oración subordinada.

Enuncia correctamente as palabras en latín.

Identifica e relaciona elementos da lingua para traducir.

Traduce frases do latín.

Enmarca determinados feitos históricos.

CL, AA, SC, CEC, IE

Describe os principais fitos históricos da civilización latina.

Identifica os principais elementos da mitoloxía grecolatina.

Recoñece e ilustra con exemplos a pervivencia do mítico.

## **6. Grao mínimo de consecución.**

Contidos.

Estándar de aprendizaxe.

Enuncia correctamente as palabras en latín.

Identifica as principais formas derivadas dos temas verbais latinos.

Enumera os nomes dos casos e explica as funcións.

Identifica e relaciona elementos da lingua para traducir.

Traduce e analiza textos identificando os principais casos e funcións na frase.

Traduce frases sinxelas con axuda do dicionario.

Traduce, sen dicionario, textos vistos e corrixidos na aula.

Sabe enmarcar determinados feitos históricos.

Describe os principais fitos históricos da civilización latina.

Coñece as declinacións de substantivos, adxectivos e a morfoloxía verbal, os numerais, preposicións e conxuncións básicas.

Identifica os principais elementos da mitoloxía grecolatina.

Utiliza mecanismos de inferencia para a comprensión de textos.

Identifica en palabras os seus formantes, lexemas e afixos.

Unidade 1.

As linguas indoeuropeas. A formación da lingua latina. Expansión da lingua latina. Evolución da lingua latina. Latín culto e latín vulgar. Expansión e diversificación do latín. A fragmentación lingüística do Imperio romano. O nacemento das linguas románicas. As linguas románicas na península Ibérica: castelán, galego-portugués, catalán. As linguas románicas na actualidade. Latinismos. Eneas.

Unidade 2.

O alfabeto latino. As vogais. As semiconsoantes. Os ditongos. As consoantes. As normas de acentuación. O latín, lingua flexiva. As palabras flexivas. Análise dunha palabra flexiva. Vogais tónicas do latín. Latinismos. Rómulo e Remo.

Unidade 3.

Os tipos de flexión do nome. Enunciado, xénero e número dos substantivos latinos. O verbo latino. Categorias gramaticais do verbo. As conxugacións. O enunciado verbal. As desinencias persoais. Vogais átonas do latín. Neoloxismos de orixe latina. Escipión.

Unidade 4.

Os substantivos das diferentes declinacións. Modelos de declinación. Os adxectivos da primeira, segunda e terceira declinacións. Os adxectivos de unha, dúas e tres terminacións. Modelos dos adxectivos de unha, dúas e tres terminacións. Consoantes simples do latín. Neoloxismos de orixe latina. Espartaco.

Unidade 5.

Estrutura das palabras. A formación de palabras por derivación. Os principais afixos do latín. A formación de palabras por composición. A composición por



preverbio. Cambios fonéticos. Grupos consoánticos do latín. Neoloxismos científicos e tecnolóxicos de orixe grego.

Unidade 6.

Os casos da declinación: nominativo, acusativo, genitivo, dativo, ablativo y vocativo. A oración. Os constituíntes oracionais. Suxeito. Predicado. Complementos. A concordancia. Os nomes e os adxectivos latinos. Neoloxismos humanísticos de orixe grega. Xulio César.

Unidade 7.

Os tempos do tema de presente. Os tempos do tema perfecto. A oración pasiva. A formación da voz pasiva no tema de presente. A formación da voz pasiva no tema de perfecto. As formas nominais do verbo. Mitoloxía e arte: os deuses.

Unidade 8.

Os pronomes: persoais, posesivos, demostrativos, numerais, relativos, interrogativos, indefinidos. Clasificación das oracións. A oración simple. A orde de palabras na oración. Mitoloxía e arte: os heroes. A caída do Imperio romano.

Unidade 9.

As preposicións latinas. Os Adverbios. As interxeccións. As oracións coordinadas. As oracións subordinadas. Mitoloxía e arte: a guerra de Troia.

## **7. Temporalización**

### **1º Trimestre**

Mínimo 30 sesións- máximo 35 sesións

Avaliación inicial

Unidades 1, 2, 3

Tres semanas para cada unidade, de xeito xeral.

Dúas/tres probas escritas por trimestre.

Avaliación

Mínimo 28 sesións – máximo 31 sesións

Unidades 4, 5, 6

Avaliación

Tres semanas para cada unidade, de xeito xeral.

Dúas/tres probas escritas por trimestre.

### 3º Trimestre

Mínimo 30 sesións – máximo 33 sesións

Unidades 7, 8, 9

Avaliación

Tres semanas para cada unidade, de xeito xeral.

Esta temporalización poderá experimentar modificacións en función do grupo de alumnos e as súas necesidades educativas, dos días festivos, excursións, saídas, actividades complementarias e extraescolares programadas polos diferentes Departamentos.

O número de sesións para cada unidade dependerá do perfil do alumnado e do grao de asimilación dos contidos, do rendemento académico e outras circunstancias.

## **8. Instrumentos e procedementos para a avaliación.**

Os instrumentos máis habituais utilizados para desenvolver adecuadamente a avaliación das aprendizaxes dos alumnos/as son:

Probas escritas: cada trimestre faranse dúas probas escritas de contidos ou exame de avaliación, sen prexuízo de controis puntuais sobre un contido concreto indicado pola profesora (por exemplo: as declinacións).

Presentación de traballos sobre mitoloxía, historia de Roma.

Relato de mitos aos alumnos de 1º de ESO

Observación directa dos alumnos na aula. Atención ao proceso de aprendizaxe. É determinante para axustar o ritmo de traballo e facer un seguimento dos progresos do alumno/a.

Observación directa do traballo diario (caderno, tarefas, deberes...) a realización das tarefas, exercicios, traducións e a súa corrección na aula permite avaliar o grao de asimilación dos contidos.

Valoración do avance e progreso individual. Valoraremos o progreso individual do alumno/a e prestaremos especial atención ao esforzo e á constancia.

Avaliación de contidos.

Avaliación por competencias.

Outros documentos gráficos ou textuais.

Debates, intervencións ou interacción.

Proxectos persoais ou grupais.

Cuestionarios, entrevistas.

Representacións ou dramatizacións.

Elaboracións multimedia.

Outros como videoconferencias e calquera derivado dunha situación de confinamento.

Os procedementos de avaliación serán:

A observación directa do traballo diario.

A análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.

Interrogación: preguntar mediante cuestionarios, entrevistas, tarefas tipo test...

A valoración cuantitativa do avance individual, probas escritas e orais (notas).

A valoración cualitativa do avance (anotacións e puntualizacións).

Outros derivados dunha situación non presencial ou semipresencial.

## **9. Criterios de cualificación.**

O longo do curso existirán tres sesións de avaliación. Haberá unha sesión de avaliación final ordinaria a principio de xuño e unha extraordinaria na penúltima semana deste mes.

Para a avaliación, teranse en conta, con carácter xeral, todos estes elementos :

- as probas escritas obxectivas: exames de avaliación, controis sobre un contido concreto...

- probas orais, exposicións...

- traballar diariamente na clase e realizar as traducións, exercicios, tarefas. Se un alumno/a, de forma sistemática non fai o traballo nin as tarefas, considerarase que abandona a materia.

- respectar as datas de entrega dos traballos ou da realización de tarefas.

- realizar as probas escritas e orais de xeito que todas as destrezas que se relacionan baixo a epígrafe de contidos deberán ser superados. Isto supón resolver cando menos un 50% dos exercicios dunha proba positivamente.

- ter un comportamento correcto, respectuoso e positivo na aula, amosar actitude, interese... A perseveranza nunha actitude negativa ou de inactividade, así como a falta de material, terá coma consecuencia a cualificación negativa da materia.

O baremo de cualificación por avaliación sumará as probas escritas sempre que estean por riba do 3´5, o traballo diario na aula e na casa, segundo explicamos a continuación.

A ponderación será:

.80% para as probas ou exames escritos (versarán sobre tradución, contidos gramaticais, culturais,...) faremos dúas ou tres probas por avaliación, a entrega de traballos ou fichas relacionadas coa mitoloxía, Hispania, comprensión da historia, exposicións sobre cultura romana...Farase nota media dos traballos entregados. Se hai un único traballo ou exposición a totalidade da porcentaxe da nota corresponderá a dito traballo.

- 20% traballo de clase

A copia, intento de copia, plaxio, utilización de chuletas e, en xeral, a utilización de calquera método que supoña un engano na realización das probas, traballos, traducións, tarefas, deberes,... implicará a anulación directa de dita proba ou instrumento de avaliación. A nota será de 0 e será tida en conta para a cualificación global da avaliación e se fora o caso para o suspenso da devandita avaliación.

Farase unha nota media das probas escritas ou exames de avaliación, agás especificación contraria da profesora para unha proba concreta por escrito e en dita proba.

Todas as preguntas das probas escritas ou exames que se realicen terán asignada unha puntuación, de xeito que, o alumno coñecerá o valor de cada

pregunta. Para unha avaliación positiva do trimestre será condición indispensable ter acadado un 5 despois da aplicación da ponderación correspondente.

Todas as probas serán de obrigada realización, agás aquelas probas de carácter voluntario especificadas como tal.

O alumno/a debe ter unha nota global de 5 sobre 10 para aprobar a avaliación despois de aplicar as ponderacións.

A recuperación da avaliación ou avaliacións suspensas durante o curso farase no mes de xuño. Se despois da recuperación o alumno non supera a materia, deberá presentarse á proba extraordinaria de setembro coa materia de todo o curso (en ningún caso se gardarán para setembro as notas dunha avaliación ou avaliacións aprobadas).

A proba escrita da avaliación extraordinaria de setembro abranguerá toda a materia do curso e a nota corresponderá a unha única proba escrita. O alumno/a deberá ter un 5 sobre 10 para ter a materia aprobada.

Os criterios de promoción e titulación serán os recollidos na Lei vixente.

E nos criterios do centro .

## **10. Mecanismos de recuperación da materia.**

As medidas adoptadas polo Departamento para axudar á recuperación da materia, se fose o caso, serán:

- Explicación detallada ao alumno das causas do suspenso para que sexa consciente das carencias, erros na aprendizaxe, dificultades...

- Explicación das dúbidas e dificultades.

- Seguimento rigoroso do traballo diario do alumno. De darse o suposto de un alumno/a non acadar os contidos por causa das dificultades claras e obxectivas, prepararemos actividades de reforzo e aplicaremos distintas medidas de atención á diversidade.

- Realización de actividades extra relacionadas cos contidos da avaliación a recuperar. A entrega destas actividades será obrigatoria por parte do alumnado. O caso de cada alumno/a será avaliado de xeito individual para aplicar a medida ou medidas máis convenientes. As medidas anteriores non son de obrigada

aplicación simultánea nin alterna para o profesor. Valorarase a aplicación das medidas máis oportunas en cada caso e en cada momento.

A recuperación das avaliacións suspensas terá lugar a principio do mes de xuño.(ver criterios de cualificación). Haberá unha convocatoria extraordinaria na penúltima semana de xuño .

## **11. Concreción metodolóxica da materia.**

A metodoloxía estará baseada na motivación co fin de conseguir que o alumno/a sinta ganas de aprender a materia e que lle vexa unha utilidade para o seu presente e o seu futuro.

Queremos conseguir a participación activa do alumnado nas tarefas. Subliñamos a importancia de aprender a aprender pois a formación permanente é fundamental no noso sistema educativo.

Trataremos de facer sentir ao alumno/a que avanza para que sexa autónomo na aprendizaxe.

A metodoloxía será comunicativa e pragmática. Concederemos importancia á gramática, á historia, á mitoloxía e ó mundo romano en Hispania. Diferentes bloques moi estruturados para darlle a oportunidade ao alumnado de amosar interese por diferentes campos de coñecemento.

Utilizaremos un modelo discursivo, expositivo para explicar a materia, obradoiros, unha aprendizaxe cooperativa, grupal para realizar traballos de cultura e civilización, para traducir... Os alumnos realizarán traballos por tarefas, por proxectos.

A gramática será reforzada con actividades e tarefas. Faremos tradución de textos na clase, de forma individual e conxunta. Cada alumno/a terá a posibilidade de avanzar ao seu ritmo. Forneceremos o alumnado dunha achega importante de vocabulario que lle permita ampliar rapidamente os seus coñecementos através da autoaprendizaxe.

Partiremos da vida dos estudantes e das súas experiencias. Fomentaremos a reflexión, a dedución, as diversas opinións.

Utilizaremos técnicas e soportes variados para fomentar a motivación, a creatividade. Faremos traballos en grupo que estimulen o diálogo, o respecto por un mesmo e polos demais e a responsabilidade.

Faremos fincapé na autonomía, porén, a actividade na clase será dirixida. Será moi importante o traballo en grupo, a limpeza, orde, claridade, rigor.

Tras a presentación e explicación dos contidos, o alumno ten que facer as tarefas encomendadas na aula e na casa.

Teremos en conta as diferentes destrezas dunha lingua, valorando a expresión oral e escrita nos traballos e na aula e a comprensión e expresión escrita nas diferentes probas obxectivas.

Os principios metodolóxicos estarán baseados na actividade e na participación, na motivación e, na inclusión e interacción, na funcionalidade e avaliación formativa. Os alumnos/as terán a posibilidade de traballar en tarefas individuais, agrupamentos flexibles, parellas, pequenos grupos e en gran grupo.

Na aula faremos a lectura de textos, as exposicións, explicacións e análise de contidos, lecturas comprensivas, revisión de actividades e revisión de traballos, normalmente de carácter obrigatorio, corrección de tarefas e tradución.

A metodoloxía será participativa e activa.

## **12. Materiais curriculares e recursos didácticos.**

-O libro do alumno: 4ºESO Latín. Editorial Teide.

-Recursos TIC

-Fichas fotocopiáveis, textos complementarios.

-Recursos web

-Caderno persoal: axuda ó alumno a desenvolver a súa autonomía na aprendizaxe. Permítelles, tanto ao alumno/a coma ao profesor/a un seguimento dos seus progresos.

-DVD sobre cultura clásica.

-Dicionarios bilingües e monolingües, gramáticas, léxicos...

-Encerado dixital.

-Libros de lectura.

-Material escolar (pinturas, cartolinas,...) para traballos colectivos.

-TV, radio-CD, ordenador con conexión a Internet na aula.

### **13. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar como consecuencia dos resultados.**

En 4º da ESO os alumnos escollen o latín dentro dun itinerario con clara vocación lingüística. É unha materia optativa que pode ser a quinta lingua estudada por algún alumnos despois do galego, castelán, francés e inglés. É por isto que, aínda que os alumnos non teñen coñecementos nesta materia en concreto, sí que pretendemos avaliar a competencia lingüística dos mesmos.

Nas primeiras sesións faremos unha proba inicial que non inflúe na cualificación pero que é moi importante para o profesor (detectar posibles problemas, necesidades de reforzo, agrupamento...). Faremos así mesmo, unha posta en común que servirá para facer unha valoración inicial da competencia lingüística e da capacidade de comprensión, intuición, interacción e expresión.

O estudo da lingua latina é un reto. É necesario ter presente que non todos os alumnos continuarán o estudo desta materia nos vindeiros anos e o achegamento á mesma debe ser atractivo.

Nesta avaliación inicial faremos:

- observación dos alumnos a través da súa participación, interese, actitude ante a lingua, confianza na súa propia intuición.
- preguntas e respostas curtas sobre interpretación de ilustracións, palabras latinas, sons...
- realización de actividades de lóxica dedutiva e intuitiva.
- posta en común para coñecer os intereses e motivacións dos nenos e comezar a detectar posibles dificultades lingüísticas.
- actividades de interacción e expresión oral.

Faremos unha proba escrita obxectiva que será fundamental pero tamén, nas dúas primeiras sesións valoraremos o nivel de interacción e expresión oral do alumnado recollendo unha nota de orientación.

Analizaremos os resultados de forma individual e colectiva para podernos valorar o grupo, o nivel, os posibles reforzos,...

Haberá un plan de reforzo para aqueles alumnos que puideran presentar problemas (actividades, traballos voluntarios...)



## 14. Temas transversais.

Incorporamos a través das clases de Latín diferentes temas transversais, traballando e fomentando os valores e actitudes de:

*Igualdade e convivencia:* non discriminación e non dominación. Eliminación do sexismo. Educamos para o respecto á autonomía dos demais e fomentamos o diálogo como forma de solucionar diferenzas. A igualdade de privilexios entre patricios e plebeios.

*Valores persoais:* valorar a importancia da lingua latina como elemento civilizador na cultura dos pobos.

*Educación cívica e constitucional:* estudo dos fitos históricos máis importantes do mundo romano. Influencia do mundo clásico na nosa civilización. O dereito romano, a educación.

*Tecnoloxías da información e da comunicación:* busca de información sobre xeografía, mitoloxía, cultura e as artes do mundo clásico.

*Comunicación audiovisual:* mapas, cómics, viñetas, fotos dos monumentos, vídeos e imaxes de restos arqueolóxicos, webs de museos, obras de arte,...

*Expresión oral e escrita e comprensión lectora:* textos, traducións, descricións, redaccións, lecturas, interpretacións,...

*Solidariedade e paz:* fronte a explotación e o egoísmo, educamos para a paz e para xerar estados de conciencia.

*Xustiza:* defensa dos dereitos individuais e colectivos.

*Liberdade:* oposición a calquera forma de escravitude ou explotación.

*Mens sana in corpore sano:* valorización do corpo e do benestar en xeral. O benestar debe ser físico e mental e os obxectivos son adquirir un coñecemento do corpo, das enfermidades e anomalías e o modo de previlas ou curalas. Outro obxectivo claro é desenvolver hábitos de hixiene corporal, alimentación correcta, prevención de accidentes... Outro obxectivo é dar información para o respecto ás diferentes sexualidades, para a prevención de embarazos e enfermidades...

*Natureza:* respecto á natureza. *Paz:* apreciando a diversidade lingüística e cultural do mundo como patrimonio da humanidade.

*Civismo:* responsabilidade no centro e na sociedade. Consolidar hábitos non discriminatorios é un obxectivo importante.

## 15. Medidas de atención á diversidade.

A diversidade é unha riqueza, porén, o feito de que os estudantes teñan personalidades e características sociais e culturais tan diferentes obriga o profesor a ser rigoroso e a ter ferramentas útiles pero diferentes. Para dar resposta ás dificultades que podemos encontrar na aula faremos:

- reforzos educativos: que non implican necesariamente medidas extraordinarias pero que afectan á secuencia de contidos, á forma e instrumentos de avaliación...

- actividades específicas, proxectos,...

- fichas específicas ou adaptadas ás necesidades de cada alumno.

- organización axeitada da aula.

- actividades de reforzo.

- exención en casos graves de dificultades lingüísticas (medidas recollidas no plan de atención a diversidade do centro)

- material específico (lupas, mobiliario adaptado,...)

Apostamos claramente pola flexibilidade de materiais e recursos. Adoptaremos como criterio para tratar a diversidade:

- a existencia da diversidade (de coñecementos previos, de intereses e expectativas, de aptitudes, de estilos de aprendizaxes)

- a adaptación da metodoloxía.

- o fomento da autoavaliación e da motivación.

- reforzo de técnicas de aprendizaxe.

Subliñamos estas medidas a seguir: unha minuciosa avaliación inicial, reforzo da autoestima do alumno e da integración na aula á adaptación da metodoloxía, contidos e probas de avaliación.

Aplicaremos unha diversificación das técnicas e modalidades pedagóxicas, principalmente a organización da clase, as actividades, o reparto de tarefas para atender ás motivacións dos alumnos, a pluralidade de técnicas de aprendizaxe visuais, auditivas, cinéticas,... a aplicación de distintas modalidades de traballo, a utilización de diversos materiais auditivos, visuais..., a alternancia de actividades e duración das mesmas, a diversificación de contidos para un mesmo

obxectivo e a diversificación de actividades de aprendizaxe (traballo colectivo, test, reflexión sobre a lingua...)

Aplicaremos así mesmo a diversificación das ferramentas con exercicios complementarios e suxestión de variantes, traballo sobre dificultades específicas, actividades en forma de test, actividades facilitadoras das técnicas de estudo coma táboas de conxugación, léxico personalizado, dicionarios, organización do traballo persoal, cadernos, axendas, toma de apuntamentos, realización de resumos e de esquemas...

## **16. Actividades complementarias e extraescolares**

En colaboración con outros Departamentos na procura dunha actuación conxunta de Centro (Departamento de Historia, a Biblioteca, o Equipo de Dinamización da Lingua e outros Departamentos) procurarase realizar actividades complementarias e extraescolares que sexan de interese para o alumnado, complementando e completando o proceso de ensino-aprendizaxe da aula:

- Saídas ou viaxes de estudo relacionados co mundo clásico .
- Saídas ao teatro ou espectáculos de interese para o alumnado relacionados co mundo clásico.
- Participación no Plan de formación de centro, grupos de traballo, seminarios, dende a importancia do mundo clásico como elemento civilizador na cultura dos pobos.
- Aqueloutras que o profesor considere relevantes para o achegamento do alumno á cultura e á realidade da civilización romana.

A realización de actividades está condicionada pola situación sanitaria

## **17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.**

A avaliación da propia programación é continua e recóllese nos informes redactados no caderno de actas do Departamento de forma periódica. Cómpre destacar o control que se fai sobre o desenvolvemento da programación. Realízase unha avaliación do propio traballo e analízanse os datos dos resultados dos alumnos/as.

Se o cumprimento da programación rolda o 80% considerárase conforme. Resulta complicado calcular o total de sesións de docencia debido en ocasións a factores externos, pois o resto dos Departamentos programa saídas e actividades variables cada curso. Por iso, se as razóns presentan ese carácter

externo: perdas de horas de clase, se os niveis iniciais son baixos, se o nivel de incumprimento é atribuíble a unha falta de implicación do alumnado, a programación sería conforme.

Sería conforme se non se levan a cabo as actividades extraescolares no caso de existir razóns alleas a nós (baixa participación, custo excesivo...)

Trimestralmente analizaremos os seguintes aspectos para saber se a programación cumpre o seu cometido ou precisa axustes ou modificacións:

o alumno amosa interese, trae o material, amosa dificultades para entender o profesor, respecta as normas, amósase participativo, traballa ben en equipo, gústalle facer tarefas diferentes, xogos... o alumno amosa interese por participar en actividades complementarias, pregunta o que non entende, é dicir, implícase de forma activa.

Na memoria de final de curso farase un estudo para axustar a programación se é necesario.

Farase unha análise cualitativa dos resultados dos alumnos/as. A programación será conforme se os obxectivos son acadados polo 75% do alumnado no mes de xuño. ( non contabilizaremos para este estudo os abandonos de materia ou abandono xeral de varias materias, exencións, desescolarizacións e outras circunstancias especiais que sexan alleas ós profesores e á materia en concreto) No caso contrario revisaremos as ferramentas de avaliación, o tratamento da diversidade, as tarefas, contidos mínimos cunha adaptación de obxectivos, contidos, metodoloxía, materiais e temporalidade.

Farase unha análise dos seguintes aspectos:

Nivel 0 1, 2, 3 e explicación.

Aplicáronse programas de reforzo, ampliación,...

O nivel 0 suporía non acadado e o nivel 3 sería acadado con moito éxito. No caso da explicación, recolleremos da forma máis obxectiva posible as causas, problemas, consecuencias... Axustaremos e modificaremos cada curso a presente programación.

Esta programación complétase coa do departamento de Lingua e literatura galega, ao que pertence, nos aspectos que non figuren recollidos aquí..

Asdo.Marta Arce

Abegondo, 20 de setembro de 2021